

A REVELACIÓN EN CANGAS

M.B.

Leo Bassi levará a Cangas o polémico espectáculo *La Revelación*. A sátira da Igrexa que levantou bochas por todo o Estado é un dos espectáculos que compón o programa da XXIII Mostra de Teatro Cómico de Cangas, que este ano se adianta a principios de xullo.

Cun programa que aposta por compañías internacionais e polo espectáculo de rúa, celébrase en Cangas a XXIII edición da Mostra de Teatro Cómico, que este ano muda de data no calendario e adiantase á primeira semana de xullo. Un dos artistas destacados que pasarán pola vila será o polémico Leo Bassi, o artista cómico que non pasa inadvertido con cada un dos seus espectáculos. Desta banda, representará *La Revelación*, unha sátira da Igrexa pola que sufriu ameazas, algunha con bomba, no Estado. A obra poderá verse o xoves 6 de xullo no auditorio do concello.

Outra das apostas desta edición é o espectáculo dos portugueses *Circolando* titulado *Charanga*. Os xardíns do Señal serán o escenario no que se desenvolva o espectáculo poético e visual desta compañía que parte das terras esquecidas á procura de historias que perduran nos



Atracción que será presentada na XXIII Mostra de Teatro Cómico de Cangas.

soños das súas xentes o venres 7 e o sábado 8.

Durante toda a semana polo auditorio sucederanse espectáculos de sala mentres na rúa actuarán compañías como *Os colombaios* ou a *Compañía Mar Gómez*, que presentará *Morir* no corre prisa, onde o destino de dous personaxes desespe-

rados se entrecruza de súpeto.

Do Uruguai a compañía *Teatro de Residuos Chiche Viejo* traerá a obra *La Atlántida y el Dorado*, unha obra que traslada o espectador ao ano 2056, momento no que se atopa no leito seco do Río da Prata os manuscritos de Juan Carlos Otatti. O espectáculo representárase, por primeira

vez no Estado, o luns 3 de xuño.

Entre os máis de quince espectáculos que se poderán ver en Cangas durante toda a semana, atópase *Concerto bifido*, un espectáculo cómico a base de sketch sobre o mundo da música clásica. Asinado pola compañía *San&San*, o espectáculo arranca coa presentación ante o público

dunha prestixiosa orquestra sinfónica. Pero todo se complica cando os presentadores se decatan de que, debido a un erro organizativo, a orquestra non poderán actuar. A partir de aí *San&San* teñen que salvar a situación valéndose do enxeño ou da súa torpeza.

Troula para nenos

Para cativos *Viravolta* e *Os Quinquilláns* levarán a Cangas o espectáculo infantil a *O Trebón*, que inclúe obradoiros e a participación dos propios rapaces como actores. *Monicreques*, zancos, malabares, pallasos e actores danlle forma a esta proposta que se desenvolverá o luns 3.


Ademais deste espectáculo, *Os Quinquilláns* porán en escena a obra *Moby Dick*, na que ademais do capitán *Ahab* e a súa tripulación daranse cita outros seres que habitan as profundidades mariñas.

O *Teatro Gorakada* representará tamén para o público infantil *Robin y Hood*, unha recreación do clásico, e os galegos *Cachirulo* interpretarán con monicreques *Camiño de aventuras*, unha historia presentada por *Xan Laranxal* e a macaquiña *Ki-xu* que se iniciou hai máis de cincocentos anos. ♦

Mea culpa

MARICA CAMPO

Láias un prestixioso columnista, en castelán, da perda de falantes de galego entre a xente nova. Despois de dicir que as causas son de distinta natureza e algunhas delas ineluctábeis, cita unicamente unha: o profesorado de galego. Seica nós temos como obxectivo “conseguir o que non puideron facer Franco e os seus ministros de Educación: facer do idioma un instrumento para o desencontro e a confrontación, xerar arredor del un sentimento de repulsa e antipatía”. *Mea culpa*, xa que logo, porque eu, que son mestra de galego, estou a contribuir á súa erradicación. *Mea culpa* porque os anos do franquismo, aqueles nos que non houbo confrontación, os avós dos que hoxe son os meus alumnos, decidiron que o galego era a lingua que debían transmitir aos fillos a aos netos. *Mea culpa* porque os xornais galegos, agás dous, están escritos íntegramente na nosa lingua. *Mea culpa* porque todas as películas que se proxectan neste noso país están dobradas en galego. *Mea culpa* porque, de quitado unha, as canles de televisión falan todas a lingua de aquí. *Mea culpa* porque o comercio, a banca, o exército, a igrexa, a xustiza, a administración na súa totalidade, non empregan xamais o castelán. *Mea culpa* porque os rapaces e rapazas, que tanto usan e abusan do móbil, poden escoller o galego para manexalo. *Mea culpa* porque a canción do verán na Galiza non vai ser *Opá yo viacé un corral*, senón a dun grupo ou cantante galego que, aínda que non acade a fondura desta, resultaralle máis interesante e actual á nosa xuventude, entre outras razóns pola promoción mediática e apoio institucional ás creacións autóctonas. *Mea culpa* porque os Carlos Luíses Rodríguez sempre loan e se suman ás iniciativas dos parlamentarios que piden máis espazos para o galego. *Mea culpa* porque todos os homes e mulleres de aquí, tras máis de cincocentos anos de concienciación, aman sobre todas as cousas o seu ser de galegos e non padecen o autoodio dos casteláns. *Mea culpa* porque... Señores, sexamos serios. Se, como se ten dito, para educar a un neno cómpre toda unha tribo, para manter unha lingua cómpre toda unha nación. ♦



mabirevuelta (bilbao 1967)
magnetic light bulbs [mabirevuelta.com]

ant_art

Bernardino Graña e o mar en terra


XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

O escritor morracense foi nomeado chairego de honra. Durante o acto de entrega da homenaxe o pasado 17 de xuño, Xosé Vázquez Pintor leu un discurso na súa honra.

A boa xente de "Xermolos" de Guitiriz e da "Asociación Cultural Manuel María", fai ben acoller para a memoria ao escritor Bernardino Graña Villar en Vilalba, nunha recalada feliz.

E veño de mañá cedeira até o cerne capital da Chaira que nos honra hoxe a ti e a min nesta mesa das palabras. A ti como chairego e a min coma seitor. É sábado, o teu día das grandes mareas, cando os amigos achegan ao afectos por ferrados e "fanegas de alma", que dicía o noso amigo Manuel. Sábado 8 de xuño do 1996 en Cangas: ollabas prender ao carón do mar a túa árbore e descubrías para os ollos de futuro o teu nome en pedra na rúa travesa do Forte, o barrio mareante, o do tendal e os xogos da aquela infancia que soñabas. Hoxe é sábado tamén e estamos de volta nós os dous, na hora das doce, despois da parva, a soerguer a túa figura humana e literaria, agora aquí na Terra Cha dos labregos ao vento, ao sol e aos

rechuvazos, paxaros da vida son, coma os araos das Cíes de Soavela, en Ons e Sálvora e tanto máis alá. Eu tamén nacín en sábado, 30 de novembro do 46, unha homenaxe a Antonia da Ponte de Penas, que é a miña nai. Van cadrando ben as contas. O mes de xuño é nos de seu propicio, leva o vento morno e maino nas viradas da memoria: En Cangas a sardiña pinga e molla o pan, repenican as mulleres as herbas e as flores do tromentelo para faceren "o cacho" onde nos lavar en beneficios cando é a mañá; despois de rebrincarmos coas novas xeracións nas labaredas da noite de San Xohán nos areais distintos do Morrazo; e Vigo axexa o fulgor do mascato que ti es e que fixo obra e niño na Costa do Cuco e soña e pinta de cores o cadro palabreiro de Galiza ao fondo, alén do azul. Tamén neste mes, cando eu era alguén, seiturabamos a herba aló en Quián e facíamos os ghallardetes nos Pendellos de Agolada, para a



Bernardino Graña.

A.N.T.

festa do San Pedro, todo a mau e todo en xogo, nese outro mar de pedra da arquitectura popular de feira, que aínda é. Xa ollas os paralelismos nas cativas distancias dos nosos corpos de brincar.

Celebro arestora contigo esta Honra de Chairego que mereces dos herdeiros da Terra Ancha e Longal. E chamaraste endiante tamén paxaro sobre o mar de verdes e amarelos, coma en Ro-

ás, en Outeiro, en Cospeito, en Vilalba, en Guitiriz... indo de ida e volta pola Cova da Serpe cabo da infancia e da vellice ao monte do Facho, o das Alta Aras que axexan Cabo Home e Udra, estremeiras dunha gorxa de mar que engole e sabe agradecer os agasallos da vida, coma arestora aquí, sábado dezasete de xuño dous mil seis. E pouses e apouvi-gues as furias do trovador levado en ansias nas Penas de Rodas, para que o vento labre na macieira do granito as tantas veces moitas grazas aos Amigos de acó que te queren consigo en vida e led, bidueiro para as zocas dos camiños todos, que tan ben labra arestora o Norberto Piñeiro de San Simón da Costa, acó.

Que Berobreo, o deus que din do Facho atlántico de Donón, queira e saiba asistir tamén a esta festa de achegas do Mar-Terra en ti, ollos das esculcas, nevaradas na barbicha, voz do almeiro en permanencias, corpo lanzal.

No hora de mandar este correo a ANT, infórmanme doutra despedida que nos manca: Fernando Pérez López, cofundador, e arestora presidente, da Aula Castelao de Filosofía en Pontevedra, da nosa tripulación, mareante, labrego e amigo. Memoria e Honra sempre tamén para el. ♦

Danza en pé de pedra

M.B.

As rúas e as prazas de Compostela serán o escenario dos máis de trinta espectáculos que compoñen o programa da undécima edición do Festival Internacional En Pé de Pedra, a cita ao aire libre de danza que anualmente organiza o Teatro Galán. Desta vez, serán sete as estreas e vinte e seis as representacións que os camiñantes poderán ver do 23 ao 25 de xuño da man de nove compañías e bailaríns galegos, alemáns, xaponeses e brasileiros.

O alemán Dominik Bourucki e a colombiana Claudia Cardona son os encargados de abrir na Praza de San Martiño Pinarío unha programación coa que os organizadores queren amosar distintas correntes da creación actual da danza contemporánea.

O venres 23 estreárase en Galiza o espectáculo *Ad hoc* da alemá Juschaka Weigel, no claustro do Museo do Pobo Galego. Con música de Benjamin Britten, a coreógrafa artella un espectáculo no que se ensarillan os momentos de tensión cos tempos mortos. Ese mesmo día o CGAC será o marco da estrea do espectáculo *Herz.kammern*, do alemán Urs Dietrich, autor doutra das obras que se poden ver en Compostela. Esta última

títulase *Chronisch* e interpretarase o sábado 25 no CGAC.

Un dos espectáculos destacados da cita xunta a música do *aguófono* de PARTO e as propostas coreográficas e de imaxes en movemento de Daniel Abreu. A obra, titulada *Auga*, poderá contemplarse durante os tres días na Chocolatería.

A compañía galega Pisando Ovos, xurdida no verán de 2004 da man de David Loira e Rut Balbís, levará ao festival o seu novo traballo *No intre 1800*, e Matarile Teatro, baixo a dirección de Ana Valles, interpretará na Carballeira de San Lourenzo o 23 e 25 *Historia Natural (eloxio do entusiasmo)*.

Tamén estarán presentes no evento Provisional danza, que presentarán *Matar el 9*, Miembros Cia de Danza, con *Meio-fío* e os xaponeses S20 con *While going to a condition*.

Actividades paralelas

Baixo o título Puro e duro desenvolverase na Praza das Praterías o sábado 24 un programa de cinco solos de danza consecutivos. Andrea Quintana, Mauricio González Santana, Félix Lozano, Victoria Miranda e Víctor Zambrana son os bailaríns participantes. ♦

Licénciase en Belas Artes pola Universidade do País Basco, en 1990 e ao ano seguinte comeza a exhibir o seu traballo de forma profesional, vindo expoñendo regularmente en espazos, galerías e museos de diversas partes do mundo. As súas obras víronse recentemente en diferentes exposicións colectivas, en lugares como o Tallinn Art Hall de Estonia, o Museu Akureyri de Islandia e o Museum of Sex de Nova York. A súa última exposición individual, *My Favorite Dress of Nothing*, tivo lugar na Sala Bastero de Andoain. Dende 2000 até a actualidade vive longas estadias en Nova York, cidade a que se traslada durante 2003, cando recibe unha Bolsa da Fundación Marcelino Botín. ♦

